


COMENTARIO MAPA DO TEMPO. PAAU XUÑO 2013.

IDENTIFICA O DOCUMENTO, OS CENTROS DE PRESIÓN E AS DEMÁIS FIGURAS ISOBÁRICAS E A LOCALIZACION DAS MESMAS.

O documento é un mapa meteorolóxico

ou mapa do tempo en superficie que representa de xeito simplificado(ou sinóptico) o estado da atmosfera sobre



un lugar e momento determinado. Polo tanto, **expresa a presión atmosférica en milibares, mb ou hectopascasles, hPa** mediante isóbaras ou liñas que unen os puntos de igual presión atmosférica, de aí que tamén se pode denominar mapa de isóbaras. Estas liñas trázanse de 4 en 4 mb. O mapa está realizado a pequena escala (escala gráfica, 1,5 cms no mapa equivalen a 627 kms na realidade). A fonte de información é Font Tullot, Climatología de España y Portugal. Ed. Univ. De Salamanca, 2000.

No mapa localízanse diferentes centros de presión así como outras figuras isobáricas(frentes cálidas, frías e ocluídas). Distinguimos no mapa :

-dous centros de alta presión: un anticiclón localizado ao oeste das Illas Azores, e outro sobre o continente africano, con 1024 mb de presión no seu centro

- dous centros de baixa presión ou borrascas, unha sobre o Atlántico Norte, con 956 mb, e outra, ao noroeste de Irlanda, con 960 mb no seu centro.

-asociados aos centros de baixa presión hai **unha cadea ou familia de frentes**, con alternancia de frentes cálidas, frías e ocluídas. Sobre o Mediterráneo conséntase a presenza dunha fronte fría procedente do oeste, que xa varreu a P.Ibérica e que atrapou á fronte cálida para constituír unha fronte ocluída sobre o continente europeo e as Illas Británicas(asociada ó centro de baixas presións máis profundo, o de 956 mb). A punto de chegar á P.Ibérica, a continuación da fronte fría que acabamos de citar, e procedente do oeste temos unha fronte cálida, que vai a atravesar o litoral portugués. Máis ao oeste, sobre o Atlántico, outra fronte fría que xa se converte en ocluída no ollo da depresión de 960 mb, que está enlazada con outra fronte cálida unida a outra fría situadas no centro do Atlántico.

c) INDICA AS MASAS DE AIRE E VENTOS DOMINANTES

As Masas de aire que afectan a España son:

- a Masa de aire **Polar Marítima,Pm**,fría e húmida, que procede dos centros de baixas presións situados no Atlántico Norte
- a Masa de aire **Tropical Marítimo,Tm**,cálida e húmida, procedente do Anticiclón das Azores
- a Masa de aire **Tropical continental,Tc** cálida e seca, procedente do anticiclón norteafricano.

Os ventos dominantes son de compoñente oeste e sopran con intensidade debido á proximidade entre as isóbaras, o que indica un forte gradiente de presión.

d) SITUACIÓN METEOROLÓXICA E TIPOS DE TEMPO QUE CABE ESPERAR EN GALICIA E CANARIAS,INCIDINDO NAS DIFERENZAS DE TEMPERATURAS, HUMIDADE E PRECIPITACIÓN

A situación meteorolóxica é Advección do Oeste.Esta situación é propia do inverno e das estacións equinociais(outono-primavera)

En Galicia, cabe esperar un tempo inestable e húmido con ceos cubertos e precipitacións, sobre todo na costa occidental e nas vertentes de barlovento, e as temperaturas serán moderadas tendo en conta á proximidade a unha fronte cálida e os ventos soprarán de oeste-suroeste e con certa intensidade.

En Canarias, cabe esperar un tempo estable, e seco, con temperaturas cálidas ó estar baixo a influencia do anticiclón das Azores.